

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 26 de setembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de setembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1028).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta das sesións extraordinaria do 03/09, ordinaria e extraordinaria e urxente do 05/09; extraordinaria e urxente do 08/09, ordinaria do 12/09 e extraordinaria e urxente do 17/09/14. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1029).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL. EXPTE. 100100/301.

Examinadas as actuacións do expediente; visto o informe do 26/08 e a ampliación do mesmo do 17/09, da técnica de Benestar, conformados pola xefa do servizo; vista

a orde de inicio do expediente asinada pola concelleira-delegada de área o 08/09, e os informes xurídico e de fiscalizacións de datas 10 e 17/09, respectivamente, dáse conta da proposta de data 09/09, da xefa do servizo de Benestar que figura conformada polo xefe de área e polas concelleiras-delegadas da área de Benestar e de Facenda, que di o seguinte:

“Á vista do informe da técnica responsable do programa, da orde de inicio do expediente da concelleira-delegada da área de Política de Benestar e do informe e do informe da Intervención xeral, solicítase desa Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- 1. Aprobala concesión dunha subvención directa a “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Vigo, CIF nº G-28197564, por un importe de 7.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria nº: 2310.480010 – Convenio Asociación contra o cancro).*
- 2. Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Política de Benestar e “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Vigo, CIF nº G-28197564, para a execución dun programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares– ano 2014.*
- 3. Aprobar o gasto por un importe total de 7.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2310.480010 -Convenio Asociación contra o cancro-.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO” (XUNTA LOCAL DE VIGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES– ANO 2014».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2014

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a. M^a de los Ángeles Pazos Crespo, con DNI nº 35.217.915-Q, Presidenta da “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Vigo, CIF nº G-28197564, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Doutor Cadaval, nº 27, entrechán esquerdo, CP 36202 Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a de los Ángeles Pazos Crespo, actuando en representación da AECC – Xunta Local de Vigo, segundo así resulta da certificación do acordo adoptado polo Consello executivo provincial de Pontevedra o 03.07.2012 achegado ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen ánimo de lucro. Foi constituída en 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

En 1966 foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén actualmente inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS), dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Ten a súa sede central en Madrid e desenvolve a súa actividade en toda España a través das 52 xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades no conxunto do Estado.

A AECC está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que, cun proxecto conxunto, dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

II.- Que, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias e de que poidan acadar unha vida normalizada, a AECC desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial así como de prevención e sensibilización destinadas á poboación xeral.

Os obxectivos específicos perseguidos con este tipo de programas son os de minimizar as alteracións emocionais derivadas do proceso da enfermidade e/ou tratamento, contribuír a recuperar o nivel de funcionamento persoal previo á enfermidade, favorecer a integración social do enfermo no seu contorno inmediato e a reincorporación ó mercado laboral, promover a posta en marcha de estratexias de afrontamento activo, orientalo na busca de recursos sociais, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da AECC – Xunta Local de Vigo para a execución dun Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política de Benestar, e a AECC comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa que, co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias, inclúe a previsión de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, de inserción laboral etc.

TERCEIRA.- A AECC comprométese tamén a:

- a) Someterse á normativa vixente en cada momento en materias de sanidade, seguridade e riscos laborais, tanto para as persoas usuarias do Programa como para o seu persoal, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- b) A atender ás persoas derivadas pola Concellería de Política de Benestar, empadroadas en Vigo e en número de 25, para a súa atención psicosocial.

CUARTA.- O Programa levarase a cabo durante o ano 2014. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AECC unha subvención por importe de 7.000,00 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº: 2310.480010 – Convenio Asociación contra o cancro).

Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro do ano 2014, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da AECC e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 30 de novembro de 2014 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- 1. Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- 2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:*
- 3. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 4. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*

5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

6. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

7. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

8. Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

9. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- A AECC queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

*POLO CONCELLO DE VIGO
O ALCALDE – PRESIDENTE,
Abel R. Caballero Álvarez*

*Perante mín,
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,
(P.D. Resolucións do 19.09.2011 e 20.03.2013)
Manuel Xosé Lorenzo Penela*

*POLA AECC,
M^a de los Ángeles Pazos Crespo"*

3(1030).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE MAQUINARIA CON E SEN MAQUINISTA, PARA REPARACIÓN DE INFRESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 70983/250

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/09/14, da xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de setembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Proposta de clasificación

a) *Procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos (expediente 70983-250)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-08-2016, 07-08-2014, 09-09-2014 e 19-09-2014 e dos informes do xefe do servizo de Vías e obras de data 07-08-2014 de do xefe da área de Fomento de datas 04-09-2014 e 12-09-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos” (expediente 70983-250), no seguinte orde decrecente:

1. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A.
2. PETROLAM A VEIGA, S.L.
3. NARON, S.L.
4. VALE, S.L.
5. FELSA, S.L.U.
6. ORESA, , S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 714,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(1031).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O PROGRAMA “VERTIXE 14 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA”. EXPTE. 14730/331.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 22/08 e 12/09, respectivamente, dáse conta do informe do 19/08, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de área e así mesmo do informe-proposta complementario do 09/09, do mesmo xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda, que din o seguinte:

Informe-proposta do 19/08:

“Con data 19 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE para a organización e realización da “VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

VertixeVIGO é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprejuizada da creación sonora internacional. Inclúe concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada, talleres especializados, cursos de achegamento ao sonoro e actividades de dinamización para os máis novos.

Serve de plataforma de presentación aos novos creadores internacionais e permite establecer vínculos culturais que reforcen a nosa identidade nun marco globalizado, dando mostra en tempo real da rica diversidade que está a renovar o discurso das artes sonoras na nosa época e na que VertixeVIGO quere desempeñar un activo protagonismo.

Organizada pola Asociación Cultural Vertixe, un dos colectivos locais máis destacados na aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes, quere converter á cidade nunha sala de concertos, explorando novas relacións entre os espazos e o público, establecendo sinerxías que permitan ofrecer contidos culturais de calidade cun aproveitamento máximo dos recursos e infraestruturas da cidade.

PROGRAMA:

- 6 de novembro ás 20.30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). Concerto Inaugural // “Produktionsmittel II”. Lugar: Espazo Sirvent.
- 12 de novembro ás 20,30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). “On Serra: A Book of Forms”. Lugar: Verbum.
- 20 de novembro ás 20,30 h. Ensemble Sinkro (País Vasco) “O lugar calado”. Lugar: Colexio de Arquitectos.
- 30 de novembro ás 20,30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). Concerto de clausura // “Homenaxe a Marcelo Toledo”. Lugar : La Caixa.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose os mesmos mediante unha achega de 10.000 € do Concello de Vigo (100 %).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Certificación da axencia tributaria da exención do IVE
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de conformidade ao texto do convenio.
- Cronograma actualizado.
- Escrito de data _ agosto de 2014 recibido por correo electrónico e remitido por Asociación Cultural Vertixe de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á “VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea” proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe, para a organización do programa “VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea”, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a Asociación Cultural Vertixe deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu otorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe ten como obxecto financiar a organización do "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea" e figura na partida 3340.470.00.05 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á Asociación Cultural Vertixe, CIF. G27751296, para o financiamento da "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.05 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Cultural Vertixe que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea".

Informe-proposta complementario de data 09/092014.

"Vista as observacións realizadas no informe da Intervención -Xeral de data 02/09/201, procede subsanar o seguinte:

INFORME- PROPOSTA COMPLEMENTARIO.-

Con relación á competencia municipal para proceder á concesión da subvención obxecto do Convenio, nos termos da Instrucción 1/2014, en aplicación da Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro LRSAL:

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas promovidas pola entidade AC Vertixe; se encadra dentro das competencias propias por razón de materia, determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL (conforme nova redacción dada pola Lei 27/2013 LRSAL.

En canto a autorización do gasto, subsanase ca incorporación da sinatura da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda.

Con relación ao prazo máximo de xustificación de tres meses previsto na cláusula oitava do convenio establecido, a contar dende o remate da última das actividades programada (prevista para o 30/11/2014), e en todo caso antes do días 10 de decembro do presente ano; motivase na posibilidade de modificación da programación e adianto das datas da última actividade. Non entanto o anterior, subsanase ca supresión do prazo máximo e incorporación só da data límite de xustificación.

Engadese na cláusula oitava o parágrafo relativo á forma de xustificación do gasto conforme as determinacións da Base 38.4 de Execución.

A presente subvención nominativa polo importe de 10.000 € outorgada polo Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe, destinada a financia a organización do "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea" figura no vixente orzamento na partida 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA".

Achéganse ao expediente copia dos estatutos da Asociación, así como como da solicitude de inscrición da mesma no Rexistro de Asociacións Municipais; así como os certificados acreditativos de estar o corrente ca obrigas tributarias coa Xunta e co Concello de Vigo, e certificado conforme a entidade non figura inscrita como empresario no sistema da Seguridade Social.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á Asociación Cultural Vertixe, CIF. G27751296, para o financiamento da "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.4800000 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Cultural Vertixe que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "VERTIXEVIGO 14 Festival internacional de creación musical contemporánea".

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "VERTIXEVIGO 14 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA."

En Vigo, 00 de agosto de dous mil catorce

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e reresentación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF: G27751296) , actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os estatutos da Asociación Cultural Vertixe en adiante a ASOCIACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o programa "VERTIXEVIGO 14 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA.", toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.05 "CONVENIO VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de 00 de ____ de 2014.

TERCEIRO.- A Asociación, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica.

CUARTO.- Que a Asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto ven organizando o programa VertixeVigo que é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuzada da creación sonora internacional. Inclúe concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada, talleres especializados, cursos de achegamento ao sonoro e actividades de dinamización para os máis novos.

QUINTO.- Que a ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ao mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de actividades do "VERTIXEVIGO 14 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose os mesmos mediante unha achega de 10.000 € do Concello de Vigo (100 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

- 6 de novembro ás 20.30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). Concerto Inaugural // "Produktionsmittel II". Lugar: Espazo Siervent.*
- 12 de novembro ás 20,30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). "On Serra: A Book of Forms". Lugar: Verbum.*
- 20 de novembro ás 20,30 h. Ensemble Sinkro (País Vasco) "O lugar calado". Lugar: Colexio de Arquitectos.*
- 30 de novembro ás 20,30 h. Vertixe Sonora Ensemble (Galicia). Concerto de clausura // "Homenaxe a Marcelo Toledo". Lugar : La Caixa.*

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, baixo as ordenes de D. Ramón Souto Caride que actuará como interlocutor fronte á Concellería.

A tal fin a ASOCIACIÓN designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).

Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.

A ASOCIACIÓN comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

A concesión da subvención a ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- ▣ *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- ▣ *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vígocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

1. Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 10 de decembro de 2014.

2. Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

3. Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
3. Memoria de prensa.
4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.

• Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acreedores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

◦ Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

◦ As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no 2º semestre do ano 2014 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparellazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais mateiral obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2014, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factulará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

*O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Festas e Museos
Cayetano Rodríguez Escudero*

*O presidente da Asociación Cultural Vertixe
Ramón Souto Caride”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe complementario de data 09/09/14.

5(1032).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015. EXPTE. 5541/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/08 e de fiscalización do 22/09, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Festas de data 18/09, conformado polo xefe do servizo de Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área e polo de Facenda, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da -Lei de contratos do sector público.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos de Sector Público.*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Informe da Xefa do Servizo de Festas, coa conformidade do Xefe do servizo de xestión e promoción Cultural, de data 24 de xullo de 2014, sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2015.

Segundo.- Resolución do Concelleiro de Cultura, Festas e Museos de data 24 de xullo de 2014.

Tercero.- Memoria xustificativa de data 24 de xullo de 2014.

Cuarto.- Prego de prescricións técnicas para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2015 por procedemento negociado con publicidade de data 24 de xullo de 2014.

Quinto.- Documento contable de retención de crédito por importe de 45.000 €

Sexto: Prego de cláusulas administrativa particulares para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2014 por procedemento negociado con publicidade de data 11 de agosto de 2014.

Sétimo: Informe xurídico favorable ao expediente 5541-335 de data 18 de agosto de 2014.

Oitavo :Dilixencia da Xefa do servizo de Festas a Xefa do Servizo de Contratación por un erro detectado no prezo do contrato que non afecta ao importe final do mesmo (48.000 €), pero sí aos importes correspondentes ao desglose do importe sen iva e máis ao importe do iva.

Noveno: Prego de cláusulas administrativas particulares debido ao cambio no desglose do importe do prezo, de data 15 de setembro de 2014.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O expediente de contratación de acordo co disposto no artigo 93.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada polo Decreto de Delegación de Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo. O Concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos en virtude do decreto da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo, autorizou o inicio de este expediente de contratación.

Segundo: No expediente constan: informe sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2014; resolución do Concelleiro de Cultura, Festas e Museos de data 24 de xullo de 2014; memoria xustificativa de data 24 de xullo de 2014; prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Técnica de Administración Xeral, Beatriz Barbará Rodríguez.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o negociado con publicidade con múltiples criterios de adxudicación. Xustifícase a elección deste procedemento tanto na escaseza de empresas ofertantes como no valor do contrato, estimado en menos de 100.000 euros, tal como dispón o artigo 158.e da LCSP.

Cuarto: En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, 8) da LCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, o 24 de outubro, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto: No artigo 93.3 da LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente. En resposta á necesidade de crédito, o servizo de Festas solicitou á Intervención Xeral unha retención de crédito polo valor do contrato, polo que se procedeu a unha retención de crédito de 45.000 € que se achega ao expediente. Posteriormente reduciuse parte desta retención ao importe correspondente ao 2014 (33.600 €)

Sexto: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º da LCSP. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

Sétimo: O contrato considérase como de servizos do artigo 10 do Real Decreto Lexislaivo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2015, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 24 de xullo de 2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de data 15 de setembro de 2014.

2º.- Aprobar o gasto de 48.000 euros (39.669,42 € máis 8.330,58 € en concepto de ive) para a contratación do devandito servizo, dos cales 33.600€ (co ive incluído) se imputarán a partida 3380 2260901 (Cabalgata de Reis) do vixente presuposto de Festas, e 14.400 € (co ive incluído) a mesma partida do presuposto do exercicio 2015.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(1033).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2014. EXPTE. 11021/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 14/08 e 19/09, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 12/09/14, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO” e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da

Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual.

Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2014, se ten en conta a situación do sector de servizos e dentro deste o relacionado co comercio e a restauración, así como a potenciación do emprego no sector comercial e hosteleiro, fomentando o coñecemento da zona centro de Vigo e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral, a realización destas actividades enmarcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, como á relacionada cos feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

A "AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", solicita, a través dun escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 14 de xullo de 2014 co nº de documento 140087507, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto "Plan de Emprego Zona Centro", dunha banda instrumentará a realización de 12 novos contratos laborais ou mantemento dos realizados con cargo ao PME 2013, dirixidos preferentemente a mulleres e a menores de 30 anos, o que permitirá as persoas contratadas mellorar as súas capacidades de integración laboral, ao obter unha experiencia no campo da comunicación, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
 - Elaborar material promocional do mercado e zona centro.*
 - Diseñar, e desenvolver campañas promocionais.*
 - Realizar un inventario de locais vacíos.*
 - Captar socios para a entidade.*
 - Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.*
- Desenvolver estas accións de coñecemento do mercado e do centros comercial cara a mellora da competitividade empresarial nos seguintes ámbitos:*
 - Centro Comercial "Zona Centro de Vigo".*

- Mercado do Progreso.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- ✓ Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- ✓ Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- ✓ Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.
- ✓ Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- ✓ Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- ✓ Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- ✓ Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial "Zona Centro" e do Mercado do Progreso, dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial "Zona Centro" e do Mercado e mellora da competitividade empresarial.

A aportación por un importe total de 50.000,00 €, do Concello de Vigo, á "AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", se realiza pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na zona centro de Vigo, e tendo en conta que a "AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", é a única entidade que agrupa aos comerciantes desa zona, polo que ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolve alí as súas actividades.

Os custes estimados conforme a aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (12 oficiais de primeira (2 con formación en periodismo, 1 fotografía, 2 de imaxe, 3 comerciais, 3 publicidade e 1 administrativo), dos que 5 estiveron contratados con cargo Plan de Fomento do Emprego de 2013), e 7 son de nova contratación, necesarios sin ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc suporía:

Custes salariais propostos:

Nome da Asociación	Nº	Categoría	Duración	Xornada	Salarios + Seg.Social		Custes engadidos	TOTAL
Agrupación de Comerciantes "Zona Centro"	1	OFICIAL 1ª - PERIODISMO	3,5	100,00%	6.758,74 €	2.343,72 €	452,37 €	50.000,00 €
	1	OFICIAL 1ª - PERIODISMO	3,5	50,00%				
	1	OFICIAL 1ª - FOTOGRAFO	3,5	50,00%	2.252,93 €	781,24 €		
	1	OFICIAL 1ª - IMAXE	3,5	70,00%	5.249,17 €	1.820,28 €		
	1	OFICIAL 1ª - IMAXE	3,5	50,00%				
	3	OFICIAL 1º - COMERCIAL	3,5	50,00%	6.758,79 €	2.343,72 €		
	2	OFICIAL 1º - PUBLICIDADE	3,5	100,00%	11.264,55 €	3.906,20 €		
	1	OFICIAL 1º - MARKETING	3,5	50,00%				
	1	OFICIAL 1ª - FINANZAS	3,5	100,00%	4.505,81 €	1.562,48 €		
					36.789,99 €	12.757,64 €	452,37 €	

Custes salariais conforme o convenio municipal:

Posto	Nº	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Promateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensualidad	TOTAL	Xornada
OFICIAL 1ª - PERIODISMO	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	10.597,55 €	100,00%
OFICIAL 1ª - PERIODISMO	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	5.298,78 €	50,00%
OFICIAL 1ª - FOTOGRAFO	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	5.298,78 €	50,00%
OFICIAL 1ª - IMAXE	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	7.418,29 €	70,00%
OFICIAL 1ª - IMAXE	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	5.298,78 €	50,00%
OFICIAL 1º - COMERCIAL	3	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	15.896,33 €	50,00%
OFICIAL 1º - PUBLICIDADE	2	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	21.195,10 €	100,00%
OFICIAL 1º - MARKETING	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	5.298,78 €	50,00%
OFICIAL 1ª - FINANZAS	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	10.597,55 €	100,00%
													86.899,92 €	

12

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona centro-príncipe de Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (49.547,63 €), estableceuse uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 452,37 € (0,91 %).

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (14/07/2014 ao 31/10/2014), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2014.

Se establece a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder á "AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime

local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, con CIF: G36887859.

2. Autorizar o gasto de 50.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.”

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO DE VIGO

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don Javier Romero González co DNI _____ en calidade de Presidente da “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 10/06/2014, con domicilio social en Rúa Doctor Cadabal, 2 – 2º ofi. 10, 36202 de VIGO e CIF G36887859.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da

Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO .

A colaboración coa AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e/ou mantendo os realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2013, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

MANIFESTAN

I.- - Que a AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio o pasado día 14 de xullo de 2014 co nº de documento 140087507, entre outros, os seguintes obxectivos:

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

•Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:

- Elaborar material promocional do mercado e zona centro.
- Diseñar, e desenvolver campañas promocionais.
- Realizar un inventario de locais vacíos.
- Captar socios para a entidade.
- Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.

•Desenvolver estas accións de coñecemento do mercado e do centros comercial cara a mellora da competitividade empresarial nos seguintes ámbitos:

- Centro Comercial “Zona Centro de Vigo”.
- Mercado do Progreso.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLOS	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	34.204	34.793	-589	1.864	1.030	834	32.340	14.861	17.479

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	34.204	501	5.008	2.991	22.866	2.838

A maior abundamento o sector de servizos na cidade, está a sufrir un importante incremento nos expedientes de regulación de emprego (ERE), tanto os de suspensión, como os de redución de xornada, tal e como se indica na seguinte táboa:

EXPEDIENTES TOTAIS	PLANTILLA TOTAL AFECTADA	TIPO	TRABALLADORES AFECTADOS	SOBRE O RESTO DOS SECTORES
179	10996	Extinción	413	45,23%
		Suspensión	969	9,92%
		Redución de xornada	401	73,71%

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona centro de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial zona centro de Vigo e do mercado da súa zona, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.

V.- Que a AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

1. Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:
 - a) Elaborar material promocional do mercado e zona centro.
 - b) Diseñar, e desenvolver campañas promocionais.
 - c) Realizar un inventario de locais vacíos.
 - d) Captar socios para a entidade.
2. Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.
3. Desenvolver estas accións de coñecemento do mercado e do centros comercial cara a mellora da competitividade empresarial nos seguintes ámbitos:
 - a) Centro Comercial "Zona Centro de Vigo".
 - b) Mercado do Progreso.
4. Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.
5. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da

selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar, agás os do persoal contratado pola entidade con cargo ao Plan Municipal de Fomento do Emprego do ano 2013, continue ou non prestando os seus servizos na asociación.

6.As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

7.Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

8.No emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

9.Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

10.Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

11.Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

12.Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2.Respectar a estrutura organizativa da AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.

3.Conceder directamente á AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO unha subvención por importe de 50.000,00 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

➤A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

➤En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

➤A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

- Tres vocais:

- Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

- Dous a membros da AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- c) Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.*
- d) Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade, e sempre antes do 01/12/2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 14 de xullo e o 31 de outubro de 2014.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- 1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- 2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- 3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- 4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- 6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da*

axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2014.

Concellaría de Emprego,
Participación Cidadá e Voluntariado

Santos Hector Rodríguez Díaz

Presidente da Agrupación de
Comerciantes "Zona Centro de
Vigo"

Don Javier Romero González "

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(1034).- CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA. EXPTE. 11144/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 03 e 22/09/14, respectivamente, dáse conta do informe-proposta de data 19/09, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área e polo de Facenda, que di o seguinte:

"O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo, cara á inserción laboral para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial quere por en marcha o unha convocatoria de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" para este ano 2014.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando desde exercicios anteriores na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio; neste sentido compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Nas presentes bases reguladoras e convocatoria para o ano 2014, co obxectivo de completar esta acción de fomento de emprego se ofrecen dúas modalidades de axuda:

l) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI): como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiránse ás empresas, independentemente da súa forma xurídica, que transformen en indefinidos os contratos xa formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido desde a data de publicación

destas bases reguladoras e convocatoria e ata o 15 de outubro de 2014, a persoas novas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV): nesta modalidade, as axudas dirixiránse ás empresas, independentemente da súa forma xurídica, que contraten, a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo e que accedan ao seu primeiro emprego. Comprenderá as contratacións que se realicen desde o inicio do prazo de presentación da solicitude destas axudas ata o 15 de outubro de 2014 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e o Servizo de Emprego Público de Galicia (SPEG).

O procedemento de concesión destas modalidades de subvención tramitaráse en réxime de concorrència competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

Nestes programas xerados cara a favorecer a empregabilidade dos xoves e proporcionar unha primeira experiencia laboral, sempre que cumpran os requisitos establecidos, así como a súa estabilidade laboral, ademais da limitación en tempo para a súa convocatoria se considera que concorren singulares circunstancias e razóns de interés público, económico e social que xustifican a súa excepcionalidade.

Esta posibilidade está expresamente prevista no artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na que si ben establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrència competitiva, dispón no seu parágrafo segundo que "As bases reguladoras poderán excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata esgotar o crédito presupostario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei."

En síntese, esta convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial/prestando atención ao colectivo dos xóvenes que é un dos colectivos máis débiles no mercado laboral ou con maior dificultade de acceso ao mesmo. Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia de Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, defínense os seguintes colectivos preferentes, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego (mulleres, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social). Neste sentido as contías das axudas valora cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Para a convocatoria do ano 2014 destas "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" destínase un montante total de 500.000€ (cincocentos mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI) cunha contía de 200.000,00€ (dous centos mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV) cunha contía de 300.000,00€ (trescentos mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

Por todo o exposto, solicítase da Xunta de Goberno Local, previo informe do Secretario de Administración Municipal e de Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria para o ano 2014 das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

SEGUNDO(1034).- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 500.000€ (cincocentos mil euros), para a concesión das axudas establecidas nas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 4700000 "Plan de Emprego Xuvenil".

TERCEIRO(1034).- Delegar no concellerio de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2014 das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa."

(1034)(1034).- "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA"

BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.0.Finalidade.
- 1.1.Características das empresas e entidades beneficiarias.
- 1.2.Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.
- 1.3.Tipos e contías das axudas.
- 1.4.Obrigas do/a beneficiario/a.
- 1.5.Alteración das condicións de concesión das axudas.

BASE 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

BASE 3ª(1034)(1034).- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

- 3.1.Instrución e tramitación das axudas.
- 3.2.Comisión de Valoración e Seguimento.
- 3.3.Criterios obxectivos de adxudicación.

BASE 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes de documentación
- 4.2. Lugar e prazo de presentación

BASE 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

BASE 6ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

- 6.1. Perda do dereito ao cobro
- 6.2. Renuncia
- 6.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

BASE 7ª. PUBLICIDADE

- 7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas
- 7.2. Publicidade das subvencións concedidas
- 7.3. Publicidade do financiamento público

BASE 8ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS:

ANEXO I	SOLICITUDE
ANEXO I a	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE. PROGRAMA ITIVI
ANEXO I b	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE. PROGRAMA ICV
ANEXO II	FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA
ANEXO III	DECLARACIÓN XURADA DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS
ANEXO IV	AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR INFORMACIÓN DO PADRÓN DA/S PERSOA/S POLA/S QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN.
ANEXO V	OFERTA DE EMPREGO
ANEXO VI	DOCUMENTO DE INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2014
DO "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA"**

BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria do "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2014, co obxectivo de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública coa finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de

empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI) realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos (no momento da transformación da modalidade do contrato), empadroadas no municipio de Vigo (durante un período mínimo de 3 meses previo á data da publicación destas bases reguladoras e convocatoria), para prestar servizos no mesmo.

Esta convocatoria comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde a data de publicación destas bases reguladoras e convocatoria e ata o 15 de outubro de 2014.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV), por conta allea, de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo (durante un período mínimo de 6 meses previo ao inicio da súa contratación e durante a vixencia da mesma), para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego.

Esta modalidade comprenderá as contratacións que se realicen desde o inicio do prazo de presentación da solicitude destas axudas ata o 15 de outubro de 2014 e requirirá, con anterioridade á contratación e de xeito simultáneo, a solicitude da/s persoa/s traballadora/s a contratar ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Nas dúas modalidades as empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto 1.4.

1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.

Para o acceso ás súbvencións nas dúas modalidades, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1.3.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de súbvencións de Galicia.

1.3.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou súbvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

Requisitos específicos segundo a modalidade:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI):

1.3.3. *Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo – nun período mínimo de 3 meses previo á data da publicación destas bases reguladoras e convocatoria.*

1.3.4. *A condición de idade menor de 30 anos deberá concurrir no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.*

1.3.5. *Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses desde a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais cuxa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.*

1.3.6. *No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será a tempo completo (excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo, que poderá ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual).*

Nos supostos de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV):

1.3.7. *As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser persoas menores de 30 anos, desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e, ademáis, estar empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo de 6 meses previo ao inicio da súa contratación e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención e que accedan ao seu primeiro emprego.*

1.3.8. *Solicitar, de xeito simultáneo, os/as candidatos/as para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo a súa contratación, da correspondente oferta de emprego.*

1.3.9. *A condición de idade menor de 30 anos deberá concurrir o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.*

1.3.10. *Os traballadores contratados nas modalidades de prácticas ou para a formación e o aprendizaxe non poderán venir a substituír a outros traballadores que houberen estado contratados nos tres meses anteriores na empresa baixo a mesma modalidade contractual para ocupar o mesmo posto de traballo, salvo que aquelas relacións laborais se houberen estinguído por acadar a duración máxima prevista na lexislación laboral de aplicación. A dita circunstancia se fará constar mediante declaración responsable suscrita pola empresa solicitante.*

1.3.11. *Nos supostos de contratos en prácticas, titulación do traballador en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que estáse en disposición de obter a dita titulación.*

1.4. Tipos e Contías das axudas

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI):

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA
Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ²	
●Muller	500,00 €
●Vítima de violencia de xénero ⁶	500,00 €
Importe Total	3.000,00 €

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV):

CONTRATACIÓNS	CONTRATO 3 MESES	CONTRATO 6 MESES	CONTRATO SUPERIOR A 9 MESES
Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ³	1.500,00 €	3.000,00 €	4.500,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ⁴			
●Primeiro empregado/a da empresa ●Muller ●Persoa con discapacidade ⁵ ●Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁶ ●Participante dalgún dos programas da concellería	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Importe Total	1.700,00 €	3.400,00 €	5.000,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo de 3 meses previo á data da publicación destas bases reguladoras e convocatoria. A idade menor de 30 anos deberá concurrir o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

2)O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

3)Persoas empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo previo de 6 meses ao inicio da súa contratación e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención. A idade menor de 30 anos deberá concurrir o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

4)O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo.

5)A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

6)A pertencencia aos colectivos en risco ou situación de exclusión social deberá acreditarse de xeito documental e a dita consideración integra aos seguintes colectivos:

6.1. Persoas receptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

6.2. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

6.3. Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

6.4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

6.5. Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

- 6.6. Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.
- 6.7. Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex- reclusos/as.
- 6.8. Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.
- 6.9. Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
- 6.10. Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
- 1.11. Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Axudas á contratación a xornada parcial

En calquera das modalidades de axudas practicarase a redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda.

1.4.1. As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do presuposto municipal para o ano 2014, por un importe total de 500.000,00 € (cincocentos mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI) cunha contía de 200.000,00€ (douscentos mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV) cunha contía de 300.000,00€ (trescentos mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa á proposta da comisión de valoración e seguimento.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

1.5. Obrigas do/a beneficiario/a

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.5.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado 1.4 para o incremento da axuda.

1.5.2. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

1.5.3. Non ter débedas co Concello de Vigo. No caso contrario procederáse do mesmo xeito que no apartado 1.5.2.

1.5.4. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

1.5.5. Mantener a xornada de traballo do empregado polo que se concedió a subvención. No caso de modificación da dita xornada, con suxección ao establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos no apartado 1.6 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para o traballador ou traballadores substitutos.

1.5.6. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

1.5.7. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ó contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.8. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.9. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.10. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concedeu a subvención, con independencia da causa, procederáse á cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a:

l) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI) por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída, de non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos quince días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo/ que será solicitada ao SPEG e ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A nova contratación deberá ser comunicada ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV). A cobertura do posto vacante deberá terse producido ou producirse dentro dos quince días naturais seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. Para a selección da nova persoa a contratar deberá presentarse a correspondente oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Nas dúas modalidades de axuda, no caso de que, desde o Servizo Público de Emprego de Galicia como desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dun/unha novo/a traballador/a co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

Se o traballador contratado causara baixa durante a tramitación da solicitude e con anterioridade á resolución de concesión, decaerá o dereito á solicitude presentada do solicitante da subvención e archivarase a súa solicitude, sen prexuízo de que poda presentar unha nova solicitude pola contratación doutro/a traballador/a.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que se contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente suscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contratuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se suscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador autónomo sen asalariados e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nen estea ao seu cargo.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

BASE 3ª. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS. CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

3.1. Instrucción e tramitación das axudas

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciaráse de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgarásen no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org e poderáse notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- O xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario.

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

3.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será únicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario para iso.

BASE 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1 Solicitudes e documentación

As solicitudes chegaráanse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e terán que ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada, agás o DNI, previamente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello – 4ª planta), cuberta e asinada:

l) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI)

Documentación relativa á empresa:

- Ficha de solicitude (Anexo I).
- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.
- No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.
- No caso de sociedades xa constituídas, copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).
- TC2 onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa correspondentes ao inicio do período de contratación efectiva e posterior ao mes de realización da transformación da modalidade de contratación da persoa pola que se percibe a axuda, segundo o sinalado no punto 1.2 destas bases e convocatoria.

Documentación relativa a cada traballador/a:

- DNI da/s persoa/s traballadora/s pola/s que se solicita a subvención.
- Informe da vida laboral completa, respecto á empresa contratante, do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior á transformación do contrato temporal a

indefinido para o que se solicita a subvención. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

Contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao a beiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.

Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto 1.4. destas bases e convocatoria.

Volante de empadramento da/s persoa/s traballadora/s ou, no seu defecto, achegarásese Anexo IV cos datos necesarios para a súa obtención.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV):

Ficha de solicitude (Anexo I).

DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.

No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.

Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.

No caso de sociedades xa constituídas, copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).

Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).

Ficha de oferta de emprego do Concello de Vigo (Anexo V).

Copia da Ficha de oferta de emprego presentada ante o SPEG.

A documentación poderásese presentar asinada electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos da Administración electrónica na Xunta de Galicia e das entidades dela dependentes.

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base 4ª, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días naturais, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

4.2 Lugar e prazo de presentación

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), dirixiránse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de

xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte á data de publicación destas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o 16 outubro.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

BASE 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

l) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa ITIVI)

➤ Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Non serán necesarios de continuar vixentes os certificados presentados na solicitude.

➤As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos costes derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VI).

➤Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa ICV):

DNI da/s persoa/s traballadora/s obxecto de contratación.

Contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.

Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.

Para os contratos en prácticas, titulación do traballador en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que estase en disposición de obter a dita titulación.

Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto 1.4. destas bases e convocatoria.

As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos costes derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VI).

Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

BASE 6ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓNS

6.1 Perda do dereito ao cobro

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu otorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total o parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

6.2 Renuncia

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

6.3 Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 7ª. PUBLICIDADE

7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2014 das "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

7.2. Publicidade das subvencións concedidas

Tódas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e poderáse notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitar os empresarios solicitantes das axudas.

7.3. Publicidade do financiamento público.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

BASE 8ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

BASE 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

8(1034).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DA RÚA DO PRÍNCIPE, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO. EXPTE. 11011/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 04/09 e 23/09, respectivamente, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/14, do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de área e polo de Facenda, que di o seguinte:

"Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado

laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

...”

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual.

Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2014, se ten en conta a situación do sector de servizos e dentro deste o relacionado co pequeno comercio, así como a potenciación do emprego no mesmo, fomentando o coñecemento da rúa do Príncipe como espazo comercial aberto e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral, destas actividades enmarcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada cos feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

A “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, solicita, a través dun escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 7 de xullo de 2014 co nº de documento 140084374, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto Plan laboral Centro Príncipe 2014”, dunha banda instrumentará a realización de 7 novos contratos laborais ou mantemento dos realizados con cargo ao PME 2013, dirixidos a mulleres e a outros colectivos con dificultades de inserción (menores de 30 anos e maiores de 45), o que permitirá as persoas contratadas mellorar as súas capacidades de

integración laboral, ao obter unha experiencia no campo da comunicación, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- *Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
 - *Mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto.*
 - *Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.*
- *Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:*
 - *Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.*
 - *Amplien a oferta de servizos do centro.*
 - *Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas á zona.*
 - *Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenen a modernización tecnolóxica.*
 - *Fomenten o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como medios de achegar as ofertas a cidadanía.*

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ *Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto "Zona Príncipe", dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial aberto "Zona Príncipe" e mellora da competitividade empresarial.

A aportación por un importe total de 40.000,00 €, do Concello de Vigo, á "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo", se realiza pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na contorno da rúa do Principe, e tendo en conta que a "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo", é a única entidade que agrupa aos comerciantes desa zona, polo que ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolve alí as súas actividades.

Os custes estimados conforme a aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (4 auxiliares (2 de eles a media xornada), 1 administrativo, 1 ordenanza e 1 técnico en comunicación a media xornada), necesarios sin ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc suporía:

Custes salariais propostos:

Nome da Asociación	Nº	Categoría	Duración	Xornada	Salarios	Seg.Social	Custes engadidos	TOTAL
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO	1	Auxiliar	4	100,00%	40.150,80 €		600,00 €	40.750,80 €
	2	Auxiliar	4	100,00%				
	2	Auxiliar	4	50,00%				
	1	Ordenanza	4	100,00%				
	1	Administrativo	4	100,00%				
	1	Tecnico	4	50,00%				

(a) Auxiliar fomento 2013 (Xaneiro-Abril)

(b) Unha Auxiliar substitue a de fomento 2013

Custes salariais conforme o convenio municipal:

Posto	Nº	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Promateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensualidad	TOTAL	Xornada
AUXILIAR DE ADMON XERAL	1	C2	16	166	599,25 €	349,93 €	586,97 €	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.070,35 €	8.281,38 €	100,00% (a)
AUXILIAR DE ADMON XERAL	2	C2	16	166	599,25 €	349,93 €	586,97 €	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.070,35 €	16.562,77 €	100,00% (b)
AUXILIAR DE ADMON XERAL	2	C2	16	166	599,25 €	349,93 €	586,97 €	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.070,35 €	8.281,38 €	50,00%
ORDENANZA	1	E	14	566	548,47 €	305,01 €	611,68 €	1.465,16 €	122,10 €	32,10	509,51 €	1.974,67 €	7.898,68 €	100,00%
ADMINISTRATIVO/A	1	C1	22	313	838,27 €	417,25 €	645,87 €	1.901,39 €	158,45 €	32,10	661,21 €	2.721,05 €	10.884,19 €	100,00%
TECNICO COMUNICACION	1	A1	26	680	1.109,05 €	688,20 €	1.268,83 €	3.076,08 €	256,34 €	32,10	1.069,71 €	4.402,13 €	8.804,25 €	50,00%
													60.712,66 €	

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona centro-principe de Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (40.150,80 €), estableceuse uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 600,00 € (1,50 %), dos que o Concello de Vigo, asume 39.400,00 € de custes salariais e de seguridade social e 600,00 € de gastos de xestión, os 750,80 € restantes serán asumidos pola propia asociación.

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2014 ao 31/10/2014), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2014.

Se establece a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder á "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo", e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo", con CIF: G36636942.

2. Autorizar o gasto de 40.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio."

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don Cándido Rial Covelo co DNI _____ en calidade de Presidente da "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO", facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 20/06/2014, con domicilio social en Rúa Príncipe, 51 -1º ofi. 10, 36202 de VIGO e CIF G36636942.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados de fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

A colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e/ou mantendo os realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2013, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico-práctica que lles permita mellorar as súas opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 7 de xullo de 2014 co nº de documento 140084374, entre outros, os seguintes obxectivos:

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:
 - Mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto.
 - Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.
- Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto "Zona Príncipe" e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto "Zona Príncipe", mediante actividades que:
 - Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.
 - Amplien a oferta de servizos do centro.
 - Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas á zona.
 - Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenen a modernización tecnolóxica.
 - Fomenten o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como medios de achegar as ofertas a cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLOS	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	34.204	34.793	-589	1.864	1.030	834	32.340	14.861	17.479

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	34.204	501	5.008	2.991	22.866	2.838

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona Príncipe de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial aberto da zona “Centro Príncipe” de Vigo, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.

V.- Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

1. Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:

-) Mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto.
-) Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.

2. Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios inegrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:

-) Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.

□) Amplien a oferta de servizos do centro.

□) Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas á zona.

□) Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenen a modernización tecnolóxica.

□) Fomenten o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como medios de achegar as ofertas a cidadanía.

3. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar, agás os do persoal contratado pola entidade con cargo ao Plan Municipal de Fomento do Emprego do ano 2013, continue ou non prestando os seus servizos na asociación.

4. As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2. Respetar a estrutura organizativa da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

3. Conceder directamente á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO unha subvención por importe de 40.000,00 € (39.400,00 € de custes salariais e 600,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de

coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

➤A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

➤En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

➤A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

- Tres vocais:

- Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

- Dous a membros da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade, e sempre antes do 01/12/2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos

documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2014.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de

documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aplicación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, de 2014.

Concellaría de Emprego,
Participación Cidadá e Voluntariado
Santos Hector Rodríguez Díaz

Presidente da Asociación de
Comerciantes de la calle del Principe de Vigo
Don Cándido Rial Covelo”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

9(1035).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES DO SERVIZO, CORRESPONDENTES AOS MESES MAIO-AGOSTO 2014. EXPTE. 11293/77.

Con data 18/09/2014, o xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, coa conformidade do concelleiro-delegado de área da conta do seguinte:

“Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados por este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os maio, xuño, xullo e agosto de 2014:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
10910/77	CMOB	Obra de acondicionamento, fontanería, climatización, etc, de local municipal	Tres M 2007,S.L.	56.312,41 €
10913/77	CMSER	Curso de Caixeiro/a do Programa “Vigo Integra”	Aevigo, S.L.	4.779,50 €
10962/77	CMSER	Publicidade e Difusión dos programas de Emprego	Xenérico	2.600,00 €
10977/77	CMSER	Información e difusión dos programas de Emprego no SICO	Empresa Salón da Construcción de Galicia (SICO)	10.000,00 €
10989/77	CMSUM	Material de oficina programa “SUM PROJECT”	Xenérico	1.344,00 €
10990/77	CMOB	Obras conexión- acometida de abastecemento en local municipal	Aqualia FCC Vigo UTE	5.950,13 €
10993/77	CMSER	Organización Xornadas Técnicas “SUM PROJECT”	Agua de Mayo Marketing,S.L.	8.975,18 €
10994/77	CMSER	Estudios e Traballo técnicos “SUM PROJECT”	Xenérico	21.700,00 €
10996/77	CMSUM	Adquisición vestuario persoal “Vigo Emprega”	Peycar, S.L.	6.851,02 €
11000/77	CMSER	Formación en Prevención de riscos laborais “Vigo Emprega”	Spril Norte, S.L.	8.660,00 €

Expediente	Tipo	Asunto	Adjudicatario	Importe
11056/77	CMSUM	Adquisición elementos de sinalización para obras "Vigo Emprega"	Peycar, S.L.	1.131,35 €
11099/77	CMSUM	Inspección Técnica obras "Vigo Emprega"	Spril Norte, S.L.	1.531,86 €
11118/77	CMSER	Campaña difusión dos Programas e Servizos de Emprego ás entidades sen ánimo de lucro	Agua de Mayo Marketing, S.L.	16.214,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior relación de contratos.

10(1036).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico de datas 23 e 24/0-14, respectivamente, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/14 asinado polo enxeñeiro e polo xefe do servizo e conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante Resolución de 30 de xuño de 2014 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade de contratación do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 30 de xuño de 2014
- Resolución do concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de data 30 de xuño de 2014 polo o que se autoriza o expediente de contratación
- Prego de Prescricións Técnicas particulares elaborado polo Departamento Técnico do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 02/07/2014
- Memoria Xustificativa, procedemento de adjudicación e criterios de valoración redactado polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns en data 02/07/2014
- Informe elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 03/07/2014 onde se relaciona a documentación obrante no expediente
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 03/07/2014
- Informe Xurídico elaborado pola Asesoría Xurídica en data 09/07/2014
- Dilixencia elaborada pola xefa do servizo de contratación en data 14/07/2014 onde se relacionan os aspectos a modificar no Prego de Cláusulas Administrativas seguindo as indicacións do informe de 09/07/2014 elaborado pola Asesoría Xurídica
- Novo Prego de cláusulas administrativas particulares elaborado pola oficina de Contratación de data 18/07/2014
- Informe Proposta do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 06/08/2014
- Informe de Fiscalización de autorización do gasto de data 22/08/2014
- Informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 01/09/2014 en relación ao informe de Técnico de Fiscalización e Control
- Novo Prego de Prescricións Técnicas de data 01/09/2014 no que se teñen en conta as modificacións requiridas polo Servizo de Fiscalización e Control

- Nova Memoria Xustificativa na que se teñen en conta as modificacións requiridas polo Servizo de Fiscalización e Control de data 01/09/2014
- Novo Prego de Cláusulas Administrativas de data 15/09/2014

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto de 6.060.968,57 €/ano, dos cales 1.051.903,64 pertencen ao IVE, desde o 1 de maio de 2015 ata o 30 de abril de 2019 tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Periodo	Importe
2015	1/05/2015 ata 31/12/2015	4.040.645,71 €
2016	1/01/2016 ata 31/12/2016	6.060.968,57 €
2017	1/01/2017 ata 31/12/2017	6.060.968,57 €
2018	1/01/2018 ata 31/12/2018	6.060.968,57 €
2019	1/01/2019 ata 30/04/2019	2.020.322,84 €

Que se imputara as partidas seguintes:

1710-210.00.00 Mantemento Parques, Xardíns, Alamedas e 47.519,82 €
 1710-210.00.01 Desbroce e Limpeza Parques Forestais e Tratamentos 295.000 €
 1710-227.99.01 Mantemento de Xardíns 5.638.948,75 €
 3410-210.00.00 Contrato Mantemento Campos de Xogo de Balaidos 55.000 €
 3410.227.99.00 Contrato Técnico Facultativo Campos de Xogo de Balaidos 24.500. €

2º Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

11(1037).- SOLICITUDE DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO. EXPTE. 41865/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22/09, do intendente da Policía Local, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“PRIMEIRO.- O pasado 02 de setembro de 2014, os axentes desta Policía Local con carné profesional núms. 294499 e 294382 formalizaron parte do servizo por feitos ocorridos no bar

Canarius, sito na Avd. Beiramar, nº 3 (rotonda do porto pesqueiro), a raíz dun altercado entre persoas que derivou nunha suposta agresión entre os participantes.

No lugar dos feitos, os intervinentes entrevistáronse co suposto agredido, D. Domingos Nacimiento da Luz López, o cal indica que o seu agresor fora un Policía Local; sendo aportada a súa descripción física e a vestimenta (pantalón de uniforme con lenda "Policía Local", botas negras, ademais de cazadora náutica) pola propietaria do local, indicando tamén esta última que o agresor iba acompañado por unha muller.

Intres mais tarde, no lugar dos feitos, a citada propietaria indica aos axentes actuantes que unha xoven que accedía ao bar nese momento era a muller que acompañaba ao agresor. Esta última identifica ante os funcionarios intervinentes á persoa que a acompañaba. Esta identificación correspóndese ao funcionario de carreira con posto de Policía Local có número de rexistro profesional 294165.

O agredido necesitou asistencia facultativa, sendo trasladado a un centro hospitalario da Cidade.

SEGUNDO.- A denuncia susténtase nas manifestacións verbais realizadas tanto pola persoa agredida como pola propietaria do local donde aconteceu o suceso, identificados no parte de servizo que nos ocupa polos axentes actuantes, sen que do actuado ata agora dedúzase que estes últimos teñan comprobado directamente a realidade da súa comisión.

TERCEIRO.- por tales feitos, o Xulgado de Instrucción nº 6 dos de Vigo instrúe as D. Previas P. Abreviado 4303/2014, sen que, ata o de agora a Xefatura de Policía Local teña coñecemento da situación procesal do funcionario 294165, en relación cos feitos relatados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A participación do funcionario con carné profesional 294165 nos feitos reseñados poden ser constitutivos de infracción disciplinaria moi grave ou grave, tipificadas nos arts. 79 b), 80 e) da Lei de Galicia 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no art. 110.5 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 do 20 de abril, de coordinación de Policía Locais, neste estado de tramitación da denuncia procede a incoación de dilixencias informativas de carácter reservado aos efectos de un maior esclarecemento e participación nos feitos por parte do policía 294165, có obxecto de establecer a necesidade de incoar, no seu caso, expediente disciplinario.

TERCEIRO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para incoar as citadas dilixencias (art. 127.1 h da Lei 7/85 de bases do réxime local).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden segundo o disposto no art. 27.2 da Lei 4/2007 de Galicia sobre Coordinación de Policía Locais, veño en propor ao Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Xestión Municipal que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Incoar dilixencias informativas de carácter reservado en relación cos feitos contidos no parte de servizo de 02 de setembro de 2014, instruído polos funcionarios de carreira da Policía Local

de Vigo con rexistros profesionais 294499 e 294382, ao obxecto de esclarecer se existen motivos bastantes para incoar expediente disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local, con rexistro profesional 294165, e Nº. de Persoal 16923.

2º.- Nomear Instrutor das citadas dilixencias ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector Principal, D. Francisco Javier Carballo Acuña, e Secretario ao tamén funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector, D. José Bouzas Novas.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

12- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES DO SERVIZO, CORRESPONDENTE AOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO. EXPTE. 41828/212.

Con data 16/09/14, o intendente da Policía Local, coa conformidade do concelleiro-delegado de área, asina o seguinte:

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2014 (abril, maio e xuño), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2013 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO):

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
40486-212	1320.2260100	SER	Atencións protocolarias e representación em diferentes actos e eventos do ano	-	04/04/14	09/04/14	1.000,00 €
40745-212	1320.2279902	SER	Traballos outras empresas e profesións	-	19/05/14	19/04/14	1.000,00 €
40650-212	1320.2200000	SUB	Material oficina non inventariable	-	06/05/14	06/05/14	1.000,00 €
40550-212	1320.2260100	SUB	Condecoracións	Joaquín Saz, S.A.	06/05/14	06/05/14	6.887,93 €
40485-212	1320.2260100	SUB	Metopas	Raúl Álvarez Fernández	07/04/14	09/04/14	2.268,75 €
40662-212	1320.2240000	SER	Seguro colectivo PIT Castro	Mapfre	19/05/14	19/05/14	2.372,00 €
40463-212	1320.2150000	SUB	Reparación, conservación mobiliario	-	07/04/14	09/04/14	1.000,00 €
40675-212	1320.2279906	SER	Reparación, mantemento, conservación sistemas xestión comunicacións	-	17/05/14	20/05/14	5.000,00 €
40507-212	1320.2279902	SER	Xestión administrativa verificación aparellos medida	-	07/04/14	09/04/14	6.000,00 €
40746-212	1320.2210400	SUB	Prendas vestiario	-	19/05/14	19/05/14	3.000,00 €
40703-212	1320.2210400	SUB	Prendas vestiario unidade canina	Insigna Uniformes, S.L.	27/05/14	30/05/14	696,72 €

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior relación de contratos menores.

13(1038).- ABONAMENTO CAMPAÑA DESINFECCIÓN 2014. EXPTE. 24834/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/09, da técnica de Formación conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado o 16/09/14, que di o seguinte:

“A iniciativa da Sra. Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, propúsose á Xunta de Goberno Local a aprobación da realización da campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2014 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dun oficial conductor adscrito ó Parque Móbil municipal así como un complemento de produtividade ao persoal participante na mesma.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de abril de 2014, acordou a aprobación da realización da devandita campaña, así como dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe acreditativo da efectiva realización dos traballos, relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instrucións sobre plantilla (Expte 24834-220).

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

En data 11/08/2014, recíbese no Servizo de Recursos Humanos Documento 140097593 no que remite a este servizo informe acreditativo da efectiva realización dos traballos asinado polo capataz do Servizo de Desinfección, a Directora do Laboratorio Municipal e a Concellería delegada da Área e que inclúe relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos da mesma.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, en concreto a Instrución 3ª h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que sirva para recompensar-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

Segundo a participación do persoal na devandita campaña, as cantidades propostas tendo en conta o número de horas de participación na mesma, para o aboamento do complemento de produtividade son as seguintes:

Nº PERSOAL	CATEGORIA	NOME	TOTAL DIAS TRABALLADOS	TOTAL DE HORAS	IMPORTE
17578	OFICIAL DESINFECTOR	PEREIRO ALONSO, MANUEL ANTONIO	62	434	2415,58
09722	OFICIAL DESINFECTOR	PARDELLAS AVION, ANDRES AVELINO	62	434	2415,58
22790	OFICIAL DESINFECTOR	SOUSA ATRIO, JOSE MANUEL	62	434	2415,58
81369	OFICIAL DESINFECTOR	SEIJAS FERNÁNDEZ, ALBERTO	61	427	2376,62
16350	CAPATAZ D.D.D.	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON	61	427	2376,62

Segundo as competencias que o artigo 127.1.h) da lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, de 16 de decembro, lle atribue á Xunta de Goberno Local (aprobación de retribucións do persoal de acordo cos orzamentos e demais cuestións de persoal non atribuídas a outros órganos), a aprobación da asinación de productividades previo informe da Intervención Xeral e a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente.

Feitas as consideracións precedentes, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1. Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfeccion que a continuacion se relacionan un complemento de productividade polos importes que se inidcan, polo especial rendimento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realizacion da Campaña de desratizacion levada acabo no ano 2014:

- *D Manuel Antonio Pereiro ALonso, Oficial Desinfector, con nº de persoal 17578, por importe de 2415,58 €*
- *D Andres Avelino PArdeLLas Avion, , Oficial desinfctor, con nº de persoal 09722, por importe de 2415,58 €*
- *D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfector, con nº de persoal 22790, por importe de 2415,58€*
- *D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfector, com n de persoal 81369, por importe de 2376,62.€*
- *D RAmon Seijas Alvarez, Capataz do SErvizo de desinfeccion, cn n de persoal 16350, por importe de 2376,62€*

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 11999,98 € en concepto de productividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade" (RC 9841 de data 17/2/2014)

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

14(1039).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DE BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN. EXPTE 25615/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/09, da técnica de Formación conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área; fiscalizado con data 22/09, que di o seguinte:

“Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, co conforme do Xefe do servizo e o visto e praxe do Concelleiro-Delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Xullo de 2014.

Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 25393/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade , conforme ao punto terceiro f) das vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, a cantidade de 5,58€/día, para o cal deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos, relación de traballadores, nome, nº de persoal, posto, datas e n de horas da xornada laboral nas que os traballadores realicen as súas funcións nas circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos, sen prexuízo da obrigatoriedade de utilización das medidas preventivas dispostas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

A C O R D O :

1.Outorgar aos funcionarios da relación que se achega e que comenza por D Miguel Angel Alonso Cue e remata por D Rodrigo Rodriguez Rocha, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de Maio e Xuño-2014 e que ascenden a un total 407,34 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

2.Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 407,34 €, en concepto de produtividade con cargo ao RC nº 27327 da partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” a favor dos empregados municipais que se relacionan.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

15(1040).- ABONAMENTO POR XORNADA PARTIDA PERSOAL ADSCRITO AO NEGOCIADO DE CEMITERIOS (AGOSTO 2014). EXPTE. 25624/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/09/14, dáse conta do informe-proposta de data 10/09, ampliado o 19/09/14, da técnica de Formación conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Recíbese escrito da xefa de negociado do servizo de Cemiterios en data 04/09/2014, co visto e praxe da Concellería delegada da Área, relacionando o persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de AGOSTO de 2014, na que se indica o número de días efectivos de traballo de cada un dos empregados relacionados do servizo de cemiterios que realizaron a súa actividade laboral reximen de xornada partida.

As vixentes instrucións de plantilla, recollen no seu apartado terceiro d) que se aboará con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

"Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de AGOSTO de 2014, e que ascenden a un total de 888,16 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

16(1041).- GRATIFICACIÓNS SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS (AGOSTO 2014). EXPTE. 25625/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 16/09/14, dáse conta do informe-proposta de data 10/09, ampliado o 22/09/14, da

técnica de Formación conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Con data 04/09/2014, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de AGOSTO 2014 así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e no previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de AGOSTO 2014, e que ascenden a un total de 1.105,40€, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

17(1042).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE, DEPARTAMENTO DE DESINFECCIÓN (AGOSTO 2014). EXPTE. 25626/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/09, da técnica de Formación conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área; que consta fiscalizado o 16/09/14 e di o seguinte:

“A directora do Laboratorio Municipal co visto e praxe da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de AGOSTO de 2014.

A instrucción terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que

aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte com periodicidade e non se autorice día a día.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de AGOSTO-2014 e que ascenden a un total 464,40€, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

18(1043).- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D^a AUREA SOTO LAGO, SOBRE EQUIPARACIÓN RETRIBUTIVA DE NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO. EXPTE. 25114/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 02/09, da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 25/03/2014 (documento administrativo nº 140036281) a funcionaria de carreira D^a Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, con praza de delineante municipal adscrita ao posto de traballo de “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras” (subgrupo C1, nivel de complemento de destino 21) destinada no organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de urbanismo” solicita a aplicación ao posto de traballo ao cal está adscrita o nivel de complemento de destino 22, no canto do nivel 21 que ten asignado o posto de traballo indicado, sinalando a necesidade de equiparación cos posto de traballo de xefatura de negociado (subgrupo C1 de titulación, nivel de complemento de destino 22).

2.- No marco da tramitación do expediente administrativo, foi solicitado informe ao Técnico de Planificación e Organización, quen en data 08/05/2014 emitiu informe técnico que obra incorporado ao presente expediente administrativo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A reclamación retributiva obxecto do presente expediente, formalmente presentada nos termos da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, cómpre ser admitida a trámite e conseguintemente resolta polo órgano municipal competente.

II.- No informe técnico solicitado ao Técnico de Planificación e Organización e emitido en data 08/05/2014 contense o seguinte:

“Con data 25/03/2014, a través de escrito rexistrado con número 140036281, D^a. Aurea Soto Lago, DNI 35.993.056-B, núm. Persoal 9290, con praza de delineante e posto por concurso de Xefe/a de Grupo da Inspección Técnica de Obras, adscrita a Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita que o posto ao que está adscrita lle sexa asignado o nivel de complemento de destino 22, aos efectos de equiparala ao resto das Xefaturas integradas no Grupo C1 de titulación e evitar así o agravio comparativo existente.

A este respecto, infórmase que no ano 2009 a interesada presentou unha reclamación de idéntico contido, respecto da cal o técnico que subscribe emitiu informe, contido no acordo que se reproduce.

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de novembro de 2009, adoptou o seguinte acordo:

25.- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D^a AUREA SOTO LAGO SOBRE RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS ASIGNADAS AO POSTO DE TRABAJO. EXPTE. 19259/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.11.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

1 ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 04/06/2009 (nº de rexistro de entrada 90083341) a funcionaria de carreira D^a Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, con praza de delineante municipal adscrita ao posto de traballo de “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras”, solicita a aplicación na nómina da modificación efectuada aos xefes/as de negociado, pasando a percibir como retribucións complementarias o nivel 22 (complemento de destino) no canto do nivel 20 que ten asignado o posto de traballo ao cal está adscrita.

2.- No marco da tramitación do expediente administrativo, foi solicitado informe ao Técnico de Planificación e Organización de RRHH, quen en data 27/08/2009 informou que:

“En relación coa súa solicitude de informe, de data 12 de xuño pasado, sobre a supresión da denominación de “xefe de negociado” da nómina da funcionaria D^a Aurea Soto Lago (doc. nº 90083349), así como a reclamación da interesada (doc. nº 90083341) **de modificación do seu complemento de destino ao igual que aos xefes de negociado** (do 20 ao 22), partícipolle o seguinte:

Consultadas as RPT dos anos 2002, 2005, 2008 e 2009, compróbase que no posto de traballo de “xefe/a grupo inspección técnica obras”, ao que está adscrita D^a Aurea Soto Lago, non figura ningunha referencia a “xefe de negociado”, aínda que a efectos retributivos tivera o mesmo nivel de complemento de destino, pero non así o complemento específico, que era inferior.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de maio de 2009, procedeu a aprobación da nova guía de funcións de postos e consiguiente proposta retributiva, entre os que se atopaban os de “xefe/a de grupo inspección técnica obras” e “xefe negociado”, polo que o posto de “xefe/a de grupo inspección técnica de obras” pasa a ter o nivel de complemento de destino 21 e as de “xefe de negociado” o nivel de complemento de destino 22.

Así mesmo, achéganse copias das guías de funcións dos postos de “xefe de negociado” “delineante” e “xefe de grupo de inspección”, aprobadas polo Pleno en sesión do día 25 de marzo do 2002, onde se pode comprobar que o posto de traballo de D^a Aurea Soto Lago non ten ningunha relación co de “xefe de negociado”, polo que non pode ser equiparado ao de “xefe de grupo de inspección” que é ao que está adscrita a interesada.”

3.- En escrito de data 13/11/2009 (documento nº 90163638) a referida funcionaria presente recurso de reposición contra a falta de resolución expresa da reclamación plantexada.

2FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O recurso de reposición presentado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; en consecuencia, cómpre admitilo a trámite e proceder á súa resolución.

II.- En primeiro lugar, debe salientarse que, tal e como consta no informe técnico transcrito nos antecedentes e obrante no expediente administrativo, nas Relacións de Postos de Traballo municipais correspondentes aos anos 2002, 2005, 2008 e 2009 non figura referencia algunha á presunta equiparación do posto de traballo de “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras” aos postos de “xefe/a do Negociado”, atopándose o primeiro encadrado na escala de administración especial, mentres que os segundo se atopan encadrados na escala de administración xeral, coas peculiaridades dos mesmos derivadas, contidas nos artigos 169 e 170 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Como se sinala no informe técnico referido –e por outra banda así consta nas guías de funcións dos postos de traballo- non existe semellanza entre as funcións atribuídas aos postos de traballo de xefatura de negociado administrativo

-responsabilidade de carácter eminentemente burocrático- coas funcións propias do posto de xefatura de grupo de Inspección Técnica de Obras, que pola súa especificidade técnica carece de analoxía algunha cos postos anteditos, como se observa da lectura das guías de funcións correspondentes.

III.- Polo que respecta á determinación das retribucións complementarias, debe salientarse que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de maio do 2009, acordou a adecuación retributiva de determinados postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, así como a consiguiente adaptación da guía de funcións dos mesmos. O proceso de adecuación retributiva contou coa participación da representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, como así consta nas actas das sesións da Mesa Xeral de Negociación celebradas o 7 de abril, 22 de abril e 6 de maio do presente ano 2009, sen que nelas conste suxerencia, precisión queixa ou matización algunha en relación á redefinición das retribucións complementarias asignadas ao posto de traballo ao cal a funcionaria reclamante está adscrita.

A maior abundamento, debe sinalarse que o dito acordo da Xunta de Goberno Local non consta que teña sido recorrido en vía administrativa ou xurisdiccional en prazo, pola cal debe

presumirse válido e eficaz, despregando todos os seus efectos nos termos do disposto nos artigos 56, 57 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, referida con anterioridade.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto en escrito de data 13 de novembro do 2009 pola funcionaria municipal D^a Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, contra a falta de resolución expresa no procedemento de reclamación de retribucións complementarias iniciado a medio de escrito presentado o 04/07/2009, en atención aos informes técnicos emitidos no marco da tramitación do expediente administrativo, así como aos fundamentos xurídicos expresados.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

A este respecto infórmase que con data 9 de xaneiro de 2014, a interesada solicitou a modificación da guía de funcións do posto ao que está adscrita, escrito que con esa mesma data foi remitida a Xerencia Municipal de Urbanismo para informe, sen que ata a data se teña informado a éste Servizo de Recursos Humanos de ningunha modificación no que respecta ao contido das funcións propias do posto de traballo, que poidan dar lugar a unha revisión da súa guía de funcións e en consecuencia, de selo-caso, das súas retribucións.

Asi mesmo, faise constar que o posto de xefatura de negociado está vinculada a praza de Administrativo/a Escala: Administración General, Subescala: Administrativa, mentras que o posto de xefe/a de grupo de inspección vincúlase a praza de Delineante, integrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, Clase: Auxiliar.

Asi mesmo, significar que a titulación esixida para o acceso determina o grupo de pertencencia en canto a retribucións básicas. A asignación do Complemento de Destino realízase atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e, mando, así como a complexidade funcional do Servizo ao que esté adscrito o posto de traballo.

En consecuencia, queda claro que se está a falar de dous postos que non teñen en absoluto nada en común, polo que non é posible facer ningunha comparación entre ambos en canto a categoría e responsabilidade como manifesta a interesada.”

III.- En consecuencia, e toda vez que a reclamación presentada recolle idéntica pretensión á que xa foi desestimada no ano 2009 en expediente administrativo nº 19.259/220; dándose por reproducida a motivación xurídica contemplada no informe emitido ao dito expediente; e considerando a ausencia de condicións funcionais do posto de traballo ao efecto, segundo se indica no informe técnico de data 08/05/2014 transcrito, procede desestimar a reclamación formulada.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase á Xunta de

Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto en escrito de data 25/03/2014 (documento administrativo nº 140036281) pola funcionaria municipal D^a Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, de reclamación de incremento de retribucións complementarias (nivel de complemento de destino) asignadas ao posto de traballo de “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras” ao cal figura adscrita, en atención ao informe técnico emitido en data 08/05/2014 no marco da tramitación do presente expediente administrativo, así como ao informe-proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, á Área de réxime Intrior (Xefatura da Área e técnico de Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

19(1044).- SOLICITUDE DE ABONAMENTO DE DIFERENCIAS DURANTE A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS COMO POLICÍAS. EXPTE. 25224/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/09/14, dáse conta dos informes-proposta de datas 10/09 e 23/09, do técnica de Organización de RR HH, conformados pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que din o seguinte:

Informe-proposta do 10/09/14:

“Antecedentes:

O Comité de Persoal, mediante escrito de data 29/01/14, solicita o aboamento das retribucións integras da súa praza e posto, aos gardas da Policía Local nomeados funcionarios de carreira pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de 01/12/2011 e 10/02/2012, e que tomaron posesión con efectos de 26/11/2011 e 21/02/2012, durante o tempo no que estando prestando servizos como policías en prácticas, desempeñaron as súas funcións como policías.

Asimesmo, a medio de escritos de datas 06/05/2014, funcionarios D. Abraham González Acea, D.N.I. 536.152.221-Q, D. Enrique Moral Soto, DNI 36.156.945-W, D. Miguel Angel Martínez Muñiz, DNI 76.999.016-F, D. Adrian Domínguez Veiga, DNI 36.153.699-E, D. Juan Manuel Castro Costas, DNI 36.165.447-V, D. Javier Varela Vila, DNI 53.190.827-S, D. Alberto González Martínez, DNI 36.151.454-P, D. José Cuesta Aiachi, DNI 45.281.965-W, D. Jacobo Chorén Pérez, DNI 53.173.121-L, D. Emilio José Villar Da Vila, DNI 36.13.456-D, D. Gustavo Sánchez Comesaña, DNI 20.184.137-G, D. José Rubén Gil Fernández, DNI 53.171.868-P, D. José Manuel Varela Estévez, DNI 36.130.542-A, D. José Manuel del Bosque Rodríguez, DNI 53.179.736-X, D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, DNI 36.162.713-C, D. Juan Pablo Pérez Diz, DNI 53.170.470-J, D. José Silva Blanco, DNI 35.472.747-P, D^a. Enmanuela Prieto Miranda,

DNI 77.004.668-R e, D. Sergio Sangiao Filgueira, DNI 36.136.889-W, solicitan o abono das referidas retribucións complementarias pendentes de aboar.

Os referidos funcionarios/as foron nomeados funcionarios en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 21 de febreiro de 2011, tomando posesión con esa mesma data, incorporándose ao regulamentario curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública.

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, con data 25 de novembro de 2011, comunicou ao concello de Vigo que ditos funcionarios superaron o período de prácticas de forma satisfactoria e dado que superaron tamén a parte teórica do curso de formación, polo cal, a Xunta de Goberno, na súa sesión de 21 de febreiro de 2011 podedeu a seu nomeamento como funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal, coa excepción do policía en prácticas D. Sergio Sangiao Filgueira, DNI 36.136.889-W, que o fixo o día 10 de xaneiro de 2012, unha vez cumprimentadas as cincocentas horas preceptivas na normativa de aplicación.

Por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 01/12/2011 e 10/02/2012 foron nomeados funcionarios de carreira os dezanove funcionarios relacionados anteriormente, tomando posesión das súas respectivas prazas en datas 26/11/2011 e 21/02/2012, respectivamente.

O Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, no seu artigo primeiro, parágrafo 2º, modificado polo RD 213/2003, de 21 de febreiro, establece que “non obstante, se as prácticas se fan desenvolvendo un posto de traballo, o importe anterior incrementarase nas retribucións complementarias correspondentes a dito posto, sendo as mesmas aboadas polo Departamento Ministerial ou organismo público o que esté adscrito o posto de traballo”.

No apartado 2º do acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro do pasado ano, polo que se nomearon os/as interesados/as funcionarios/as en prácticas, establecíase que “durante as prácticas no Concello percibirán tamén o mesmo soldo, agás que as mesmas se realicen facendo tarefas propias dos funcionarios do Corpo, para as que non sexa preciso contar coa condición de funcionario/a de carreira, nese caso se lle aboarían tamén as retribucións complementarias do posto durante o tempo que realicen ditas tarefas”.

O intendente-xefe en funcións do Corpo da Policía Local, a través de escrito de data 04/08/2014, informa que os referidos policías desenvolveron as funcións correspondentes ao posto de policía durante os periodos comprendidos entre o 23/06/11 e o 31/08/11 e do 05/11/11 ao 25/11/11, coa excepción de D. Sergio Sangiao Varela que o fixo dende o 23/06/11 al 15/07/11 e do 05/11 ao 10/01/12, toda vez que do 16/07 ao 31/08 de 2011 estivo de baixa por accidente de traballo.

O importe do custe das referidas diferenzas retributivas para acometelo gasto proposto ascende a un total de 78.900,68€, e imputarase con cargo as partidas 132.0.121.00.03 e 132.0.121.01.03, “complemento destino C1” e “complemento específico C1”, respectivamente, do Capítulo I de Gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aboar aos funcionarios de carreira adscritos ao Servizo da Policía Local, D. Abraham González Acea, D.N.I. 536.152.221-Q, nº persoal 81919, D. Enrique Moral Soto, DNI 36.156.945-W, nº persoal 79443, D. Miguel Angel Martínez Muñiz, DNI 76.999.016-F, nº persoal 81920, D. Adrian Domínguez Veiga, DNI 36.153.699-E, nº persoal 81921, D. Juan Manuel Castro Costas, DNI 36.165.447-V, nº persoal 81922, D. Javier Varela Vila, DNI 53.190.827-S, nº persoal 81923, D. Alberto González Martínez, DNI 36.151.454-P, nº persoal 81924, D. José Cuesta Aiachi, DNI 45.281.965-W, nº persoal 81925, D. Jacobo Chorén Pérez, DNI 53.173.121-L, nº persoal 81926, D. Emilio José Villar Da Vila, DNI 36.13.456-D, nº persoal 81927, D. Gustavo Sánchez Comesaña, DNI 20.184.137-G, nº persoal 81928, D. José Rubén Gil Fernández, DNI 53.171.868-P, nº persoal 81929, D. José Manuel Varela Estévez, DNI 36.130.542-A, nº persoal 81930, D. José Manuel del Bosque Rodríguez, DNI 53.179.736-X, nº persoal 81931, D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, DNI 36.162.713-C, nº persoal 81932, D. Juan Pablo Pérez Diz, DNI 53.170.470-J, nº persoal 81933, D. José Silva Blanco, DNI 35.472.747-P, nº persoal 81934, D^a. Enmanuela Prieto Miranda, DNI 77.004.668-R, nº persoal 81935 e, D. Sergio Sangiao Filgueira, DNI 36.136.889-W, nº persoal 81936, as retribucións complementarias correspondentes ao posto de traballo núm. 134-Policía, durante os periodos comprendidos entre o 23/06/11 e o 31/08/11 e do 05/11/11 ao 25/11/11, coa excepción de D. Sergio Sangiao Varela que o fixo dende o 23/06/11 al 15/07/11 e do 05/11 ao 10/01/12, datas nas que os citados desenvolveron neste Concello as prácticas correspondentes ao curso formativo establecido nas bases da convocatoria, desempeñando as funcións propias do posto de policía, de conformidade cos informes do Intendente-Xefe en funcións do Corpo de datas 5 e 8 de agosto actual.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Ampliación informe-proposta (23/09/14)

“Antecedentes:

Con data 18 de agosto de 2014, formulouse proposta polo técnico que subscribe, conformado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos, de abono ós/ás gardas da Policía Local en prácticas, que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007, D. Ismael Rodríguez Montero, D.N.I. 53.182.85-R, D. José Matias Comesaña Barreiro, D.N.I. 36.175.545-H, D. Ezequiel Otero Villar, D.N.I. 53.180.858-M, D^a. Patricia Ubeira Grosio, D.N.I. 36.158.679-B, D^a. Aida Villar Silva, D.N.I. 53.177.856-Q, D. Manuel Vas Costa, D.N.I. 36.170.723-A, D. Unay Iglesias Rodríguez, D.N.I. 53.190.786-C, D. Fernando Otero Penela, D.N.I. 44.075.007-S, D. Braulio Gutiérrez Giménez, D.N.I. 76.896.562-H, D^a. Jara María Vera Armada, D.N.I. 36.130.993-V, D. Xosé Antón Pérez Barreira, D.N.I. 53.174.609-N, D. Serafín Novas Martínez, D.N.I. 73.241.318-A, D. Ricardo Soto Rodríguez, D.N.I. 77.003.831-S, D^a. María Álvarez Pena, D.N.I.53.172.249-K, D^a. Tania Fernández Lemos, D.N.I. 36.021.620-M, D. Antonio Guedella Fernández, D.N.I. 53.173.507-Z, D. Jesús Marco González Castillo, D.N.I. 53.177.172-E, D. Rubén Iglesias Meleiro, D.N.I. 36.136.940-F, D. Enrique García Rodríguez, D.N.I. 36.131.925-Y, D. Joaquín Blanco Pérez, D.N.I. 36.131.502-C, D^a. Celina Agahwa Martínez, D.N.I. 36.174.101-T, D. José Toucedo Alonso, D.N.I. 76.997.538-R, D. Diego Costal González, D.N.I. 36.121.128-L, D. José María Tella Doval, D.N.I. 33.350.085-Q, e D. Juan Castro Delgado, D.N.I. 36.145.345-V, as retribucións complementarias correspondentes ó posto

de traballo núm. 134, Garda da Policía Local, con efectos do 26 de abril de 2008 e mantelas ata o 10 de xullo do presente ano, en tanto os/as interesados/as desenvolvan as súas prácticas no posto de traballo de policía."

Sometido o mesmo a informe de fiscalización previa a súa inclusión na Orde do día da Xunta de Goberno Local, pola Intervención Xeral, en data 23 de setembro de agosto actual, se fixo, entre outras, as seguintes observacións e conclusións:

- Non se acusa por parte do servizo xestor liquidación acreditativa do importe global aplicable para a súa efectiva comprobación. Pode non obstante diferirse a súa xustificación ao momento da remuneración das diferenzas retributivas por cada un dos efectivos, circunstancia que así deberase recoller na fase de recoñecemento da obriga se así se acorda.

Solicitada ao técnico asinante ampliación de informe, en dilixencia de data de hoxe, infórmase o seguinte:

1.- Por este Servizo de Recursos Humanos procedeu en data 07/08/14 a cuantificación do gasto, resultando un total de 78.900,68€, segundo informe técnico que figura no expediente.

En consecuencia, polo técnico que subscribe, propónse a ampliación da proposta, engadíndose un segundo parágrafo co seguinte texto:

2.- Autoriza-lo gasto por importe de 78.900,68€, con cargo as partidas orzamentarias 132.0.121.00.00 (Complemento de Destino C1) e 132.0.121.01.03 (Complemento Específico C1), para facer fronte a correspondente liquidación de atrasos que deberá realizarse e verificarse pola Tesourería Municipal.

De conformidade co anterior, elévase a seguinte proposta definitiva:

PROPOSTA DE ACORDO

"Primeiro.- Aboar aos funcionarios de carreira adscritos ao Servizo da Policía Local, D. Abraham González Acea, D.N.I. 536.152.221-Q, nº persoal 81919, D. Enrique Moral Soto, DNI 36.156.945-W, nº persoal 79443, D. Miguel Angel Martínez Muñiz, DNI 76.999.016-F, nº persoal 81920, D. Adrian Domínguez Veiga, DNI 36.153.699-E, nº persoal 81921, D. Juan Manuel Castro Costas, DNI 36.165.447-V, nº persoal 81922, D. Javier Varela Vila, DNI 53.190.827-S, nº persoal 81923, D. Alberto González Martínez, DNI 36.151.454-P, nº persoal 81924, D. José Cuesta Aiachi, DNI 45.281.965-W, nº persoal 81925, D. Jacobo Chorén Pérez, DNI 53.173.121-L, nº persoal 81926, D. Emilio José Villar Da Vila, DNI 36.13.456-D, nº persoal 81927, D. Gustavo Sánchez Comesaña, DNI 20.184.137-G, nº persoal 81928, D. José Rubén Gil Fernández, DNI 53.171.868-P, nº persoal 81929, D. José Manuel Varela Estévez, DNI 36.130.542-A, nº persoal 81930, D. José Manuel del Bosque Rodríguez, DNI 53.179.736-X, nº persoal 81931, D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, DNI 36.162.713-C, nº persoal 81932, D. Juan Pablo Pérez Diz, DNI 53.170.470-J, nº persoal 81933, D. José Silva Blanco, DNI 35.472.747-P, nº persoal 81934, D^a. Enmanuela Prieto Miranda, DNI 77.004.668-R, nº persoal 81935 e, D. Sergio Sangiao Filgueira, DNI 36.136.889-W, nº persoal 81936, as retribucións complementarias correspondentes ao posto de traballo núm. 134-Policía, durante os periodos comprendidos entre o 23/06/11 e o 31/08/11 e do 05/11/11 ao 25/11/11, coa excepción de D. Sergio Sangiao Varela que o fixo dende o 23/06/11 al 15/07/11 e do 05/11 ao 10/01/12, datas nas que os citados desenvolveron neste Concello as prácticas correspondentes ao curso formativo establecido nas bases da convocatoria, desempeñando as funcións propias do posto de policía, de conformidade cos informes do Intendente-Xefe en funcións do Corpo de datas 5 e 8 de agosto actual."

2.- Autoriza-lo gasto por importe de 78.900,68€, con cargo as partidas orzamentarias 132.0.121.00.00 (Complemento de Destino C1) e 132.0.121.01.03 (Complemento Específico C1), para facer fronte a correspondente liquidación de atrasos que deberá realizarse e verificarse pola Tesourería Municipal”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida na precedente ampliación de informe de data 23/09/14.

20(1045).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL REFERENTE Á ANULACIÓN DE REDUCIÓN XORNADA ANTERIOR E AUTORIZACIÓN DE NOVA REDUCIÓN. D^a MÓNICA MURADÁS GARRIDO. EXPTE. 25620/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte Resoluciónb do concelleiro-delegado de área de data 19/09/14:

“A medio de escrito de data 2 de setembro de 2014 (doc. nº 140104405), D^a Mónica Muradás Garrido, con DNI nº 36.107.693-Q e nº persoal 79397, subalterna adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita a anulación da redución de xornada que viña disfrutando dende o 16 de xuño e unha nova redución de xornada de traballo de dúas horas dende o 15 de setembro.

O art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Dita petición é informada favorablemente pola xefa do Servizo de Benestar Social co conforme da Concelleira-delegada de Política de Benestar, con data 15/09/2014.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Deixar sen efecto a resolución de data 16/06/2014, de redución de xornada autorizada á subalterna adscrita ao Servizo de Benestar Social, D^a Mónica Muradás Garrido, con DNI nº 36.107.693-Q e nº persoal 79397,

Segundo.- Autorizar unha nova redución de xornada á citada empregada, consistente na redución da súa xornada laboral en 2 horas, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefe da Área de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

21(1046).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALLADARES. EXPTE. 2508/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22/09/14, dáse conta do informe-proposta do 18/09/14, asinado polo secretario xeral do Pleno e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“Lexislación aplicable:

LBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRRL.- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

ROFCL.- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Antecedentes:

Tras consenso previo acadado co Consorcio da Zona Franca de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1.07.2014 aprobouse Proxecto de Convenio de cooperación interadministrativa entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para actuacións de desenvolvemento na ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares (PTL).

Con posterioridade, mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de 8.08.2014, modificouse a redación do parágrafo terceiro da Cláusula Terceira do proxecto de Convenio referido a novas liñas de alimentación eléctrica (principais e auxiliar) con trazado desde a Subestación Eléctrica de Valadares ata o límite norte do PTL (Rotonda de A Venda) co obxecto de adecuar a mesma o proxecto de Convenio aprobado polo Comité Executivo do Consorcio na súa reunión de data 30.07.2014.

En conversas previas á sinatura do Convenio, o Consorcio da Zona Franca de Vigo ten comunicado ao Concello de Vigo que as novas liñas de alimentación eléctrica citadas na Cláusula Terceira financiaranse a través dun Convenio de colaboración interadministrativa entre o Consorcio da Zona Franca e a Xunta de Galicia, iso obriga a unha nova modificación do Convenio no seu día aprobado suprimindo do mesmo calquera referencia a tal obxectivo.

En conclusión, procede que, con anterioridade a sinatura do documento formalizador do Convenio, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adopte acordo que modifique a Cláusula mencionada.

Na Providencia de inicio de expediente o concelleiro Delegado de Fomento designou ao secretario xeral do Pleno funcionario responsable na tramitación, impulso e instrución do expediente (Convenio).

O artigo 54.1 do TRRL e en idéntico sentido o artigo 173.4 do ROFCL, advirte que corresponde ao secretario xeral do Concello, é en consecuencia, o secretario xeral do Pleno, por mor do sinalado na Disposición transitoria quinta a) da Lei 57/2003, de 16 de decembro, emitir informe cando así o ordene o Presidente da Corporación. Esta Secretaría Xeral ven entendendo que se cumpre este requisito cando cando o informe o solicite un concelleiro/a que actue por delegación, cumprimentado o anterior emíttese o seguinte,

INFORME

Os Convenios interadministrativos, segundo a doutrina, son «acordos de vontades entre dous o mais entes públicos, que se instrumentan como negocio xurídico bilateral de carácter organizativo, que non admiten cláusulas exorbitantes a favor dunha das partes e que teñen por obxecto satisfacer necesidades comúns derivadas da colaboración ou cooperación interadministrativa e inclusive a disposición do exercicio de competencias dos entes que conveñen».

Coma consecuencia da supresión da Cláusula Terceira, o novo contido do Convenio minora en 1.000.000.- € a aportación municipal (de carácter plurianual) prevista para a contratación e execución das obras de novas liñas de alimentación eléctrica dunha potencia máxima total de 28 MW a executar entre a Subestación Eléctrica de Valadares ata o límite norte da ampliación do parque, o orzamento da presente anualidade (2014) lle corespondía a cantidade de 500.000.- € que serían satrifeitos con cargo a á partida 1650.6090000 (Investimentos de redes de tendidos eléctricos en parroquias).

O Convenio mantén na súa integridade a satisfacción de necesidades comúns.

Deberán modificarse os asientos de autorización do gasto na contabilidade municipal.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Suprimir a Cláusula Terceira do Proxecto de Convenio de Cooperación entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 1.07.2014 (se adxunta a nova redacción do texto definitivo como ANEXO a este acordo).

SEGUNDO: Facultar ao Excmo. Alcalde de Vigo para a sinatura do Convenio."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

"CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA ACTUACIÓN DE DESENVOLVEMENTO NA AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALADARES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

Na Alcaldía do Concello de Vigo, a XX de setembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte,

D. Abél Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e Presidente do Consorcio da Zona Franca de Vigo, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra,

D^a. Teresa Pedrosa Silva, Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, cargo que ostenta en virtude de nomeamento realizado mediante o Real Decreto 372/2012, do 10 de febreiro (B.O.E. 11.02.2012), actuando en nome e representación de dito ente público.

As partes, facultadas para este acto polos os seus respectivos órganos de goberno, interveñen en razón dos cargos que ostentan recoñecéndose plena capacidade legal e lexitimación para este acto e,

EXPOÑEN

I.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo ten persoalidade xurídica propia e plena capacidade para realizar cantos actos tendan tendan a acadar os fins definidos no seu Estatuto Fundacional e no artigo 80.1 da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, entre os que se atopan a realización de actividades que contribúan a desenvolvemento e dinamización económica e social da Cidade de Vigo e da súa área de influencia.

II.- Froito da materialización de anteriores Convenios de Colaboración subscritos entre o Consorcio e o Concello de Vigo en datas 26.09.1996; 2.12.1997; 17.07.2001 e 28.10.2002 (Protocolo de Colaboración), o Consorcio da Zona Franca de Vigo é o ente titular do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares (PTL), dunha superficie de 874.195 m² onde hoxe se localizan 110 empresas que proporcionan emprego directo a XXXX traballadores.

III.- A solicitude de parcelas no Parque por parte das empresas interesadas superou a oferta dispoñible, razón pola que o Consorcio e o Concello de Vigo, xa en data 8.05.2003, na denominada fase de Avance do que hoxe é o PXOM-2008, subscibiron un Convenio Específico de Colaboración que preveía a ampliación do Parque identificando as áreas de desenvolvemento. A concreción urbanística de tal idea foi materializada no Convenio de data 7.08.2008 incorporado a PXOM, neste clasifícanse tales terreos como "solo urbanizable" e indícase que o Plan Xeral fixa o aproveitamento lucrativo necesario para que as plusvalías permitan ao promotor facer fronte a todos os custes que lle corresponden en tal ampliación, entre eles os de conexións das infraestruturas necesarias.

IV.- É propósito do Consorcio da Zona Franca de Vigo iniciar as actuacións oportunas (redacción dun Plan Parcial) para levar a cabo a ampliación do Parque Tecnolóxico (II Fase, incorporación de 200.000 m²) co obxectivo esencial de outorgar ao sector empresarial e industrial da Cidade novos terreos e infraestruturas de calidade que faciliten a súa internacionalización, a súa innovación e o seu crecemento.

V.- Consecuencia de estudos de viabilidade posteriores ao PXOM, o Concello de Vigo e Consorcio da Zona Franca consideran preciso redefinir o trazado do vial estruturante denominado "Carretera da Venda", de titularidade municipal, dunha lonxitude de 260 metros lineais que divide, dirección sureste-nordeste, o que é unha parcela de singulares dimensións. A modificación da traza posibilitará a continuidade do solo empresarial e facilitará a creación dunha parcela única e uniforme susceptible de albergar edificacións con consumo extensivo de solo, áreas para aparcamentos en superficie, e outros servizos necesarios e complementarios consonte os estándares urbanísticos, dando resposta á demanda actual de solo do sector empresarial. É de interese xeral adecuar a oferta de solo empresarial á demanda de todo tipo de actividades permitidas polo planeamento sen condicionar o seu uso por limitacións na viabilidade dos proxectos con maior consumo de solo.

VI.- O Consorcio da Zona de Franca de Vigo, sen prexuízo do que se expoña na Memoria que xustifique a necesidade ou conveniencia da adquisición, atópase interesado na obtención atópase interesado na adquisición na Cidade dun inmovible que, entre outros fins, poda ser sede ben Centro Tecnolóxico de Gastronomía de Galicia, ben dunha incubadora de empresas ou ben de calquera outro proxecto de promoción económica da Área de Vigo e da súa zona de influencia entendendo que para tales propósitos de dinamización e impulso económico resulta idóneo as características do edificio de titularidade municipal existente na rúa Areal nº 46, de 2.732 m² de superficie pechada (Referencia Catastral: 3665001NG2736N) e inmovible que, sen prexuízo da súa adscrición actual o dominio público municipal (uso público), o PXOM clasifica como Sistema Xeral.

VII.- O Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo participan no propósito de por en marcha un espazo idóneo para emprendedores que ofrezca servizos de co-working e garaging empresarial no que se levará a cabo labores de asesoramento, orientación e apoio de iniciativas empresariais cara a súa consolidación definitiva e a xeración de empregos de calidade.

VIII.- O Excmo. Concello de Vigo non é alleo o esforzo inversor e de xestión do Consorcio da Zona Franca no interese común de creación, mediante unha planificación axeitada, de Parques Empresariais que concentren nun ámbito territorial idóneo a actividade do sector industrial da Cidade e da súa área de influencia agrupando servizos comúns (economía de escalas) evitando deste xeito unha dispersión prexudicial tanto para a eficacia e eficiencia produtiva como para o medio ambiente.

Hoxe os meros criterios de factibilidade económica ou técnica na localización dos parques empresariais, ou na ampliación dos existentes, resultan insuficientes; en tales decisións teñen que predominar os criterios de sustentabilidade ambiental, neste sentido a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares, prevista, como se ten exposto, no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2008, ten superado os controis medioambientais razón suficiente para entender que a cooperación do Concello de Vigo no que se refire as modificacións puntuais do PXOM-2008 enmárcanse na competencia municipal de planificación urbanística, artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) así como na relativa ao medio ambiente urbano, artigo 26.1.d) da mesma norma.

En virtude das vontades compartidas, dos intereses comúns expostos e das actuacións conxuntas a levar a cabo, ao amparo do previsto no artigo 57.1 da LBRL e no artigo 6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as Administracións asinantes, acordan subscribir o presente Convenio interadministrativo de cooperación económica, técnica e administrativa de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- É obxecto do presente Convenio posibilitar as Administracións Públicas intervincentes o dilixente desenvolvemento e posta en funcionamento da ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares (redifinición do trazado de vial de titularidade municipal existente na zona de ampliación).

No ánimo de cooperación no impulso empresarial na Cidade ambas Administracións coinciden na necesidade de dotar a Vigo dun espazo axeitado onde podan desenvolverse iniciativas de emprendemento.

En aplicación analóxica do sinalado no artigo 112.6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas é tamén obxecto do presente Convenio iniciar os

estudos e valoracións axeitados ao obxecto de que as Administracións asinantes acaden, conforme os prezos de mercado, acordo no prezo de adquisición e venda de inmovible de titularidade municipal localizado na rúa Areal nº 46 da Cidade de Vigo, actualmente afecto o dominio público.

Segunda.- Para o primeiro dos fins pretendidos o Excmo. Concello de Vigo -sen prexuízo do que resulte na instrución que se leve a cabo consecuencia dos preceptivos informes sectoriais a emitir- asume a iniciativa de tramitar de xeito prioritario unha modificación puntual do PXOM-2008 que teña por obxecto a redefinición (cambio do trazado) do vial estruturante denominado "Carretera da Venda" de titularidade municipal que, nunha lonxitude de 260 metros lineais, divide, dirección sureste-nordeste, o que é unha parcela de singulares dimensións. O cambio de trazado, no seu caso, executarase no proceso de urbanización da ampliación do Parque sendo o seu custe e o custe da desviación dos servizos existentes no tramo (abastecemento, saneamento, telefonía... etc.) financiado polo Consorcio da Zona Franca na súa condición de promotor da urbanización (art. 22 LOUGA). A nova traza contemplará a continuación da "Carretera da Venda" pola "Estrada do Foxo" ata a rotonda, proxectándose desde este punto un vial de servizo de aproximadamente 400 metros lineais que transcorrerá paralelo o linde sur da Autovía de Circunvalación de Vigo (VG-20) ata o paso inferior por ela, todo iso co propósito de manter e mellorar a conexión existente entre os barrios de Campaceira e O Porto.

Achégase como Anexos I e II planos que reflicten o trazado actual no PXOM-2008 e o trazado que figurará na modificación que, de tal instrumento urbanístico, tramite a Administración municipal.

Terceira.- Para a materialización do segundo dos fins pretendidos (localización dun espazo axeitado onde podan desenvolverse iniciativas de emprendemento empresarial, co-working) o Concello de Vigo destinará nos orzamentos das anualidades 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 a gastos de aluguer de tales espazos, a cantidade máxima de 125.000.- euros, na presente anualidade o importe será satisfeito con cargo os créditos existentes na partida 2410.4800001 (Convenio para a creación dun co-working).

Pola súa parte, o Consorcio da Zona Franca de Vigo comprométese a adaptación do espazo para os fins pretendidos sempre que se dispoña da cofinanciación pública de través de Fondos FEDER de, a lo menos, o 80% da inversión total, sendo asumida a parte restante polo propio Consorcio. Esta axuda será solicitada por esta Entidade no momento no que se formalice o presente Convenio, para o cal, con carácter previo, o Concello aportará a información sobre o estado do inmovible para que o Consorcio poida encargar un proxecto no que se estime o alcance das inversións necesarias.

En canto a xestión das actividades previstas no inmovible, será precisa a colaboración de terceiros, públicos ou privados, que asuman os gastos derivados da prestación dos servizos previstos (dirección, xestión, dinamización etc), debendo ser consensuada entre as dúas partes a designación do/s terceiro/s elixido/s.

Unha vez definida esta colaboración externa, formalizarase un novo Convenio entre tódalas partes (Concello, Consorcio e axentes externos) de cara a regular o funcionamento do Centro de Emprendemento.

A localización dos espazos axeitados, en principio previstos no edificio no que se localiza o Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", decidírase de mutuo acordo.

Cuarta.- No que se refire o terceiro dos obxectivos citados na Cláusula Primeira, realizada a valoración do inmovible, o Concello, co fin de posibilitar o posterior negocio xurídico e con anterioridade á data na que polo Ministerio de Facenda se dite acto aprobatorio da

correspondente operación patrimonial, tramitará a modificación da clasificación urbanística do inmovible adscribíndoo o uso administrativo e/ou terciario en función das concretas actividades que nel pretenda desenvolver, así mesmo procederá a alteración da súa cualificación xurídica.

Os efectos indicados, trala sinatura deste documento e na maior brevidade posible, o Concello de Vigo formulará o Consorcio da Zona Franca oferta de venta explicitando os parámetros nos que se fundamenta.

Cada parte asumirá os gastos tributarios e de formalización que lle correspondan en función do disposto na normativa de aplicación.

Achégase como Anexo III plano catastral da parcela na que se localiza o inmovible.

Quinta.- Para concretar, axilizar, controlar e garantir a plena e satisfactoria execución deste Convenio constitúise unha Comisión de Seguimento paritaria integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes; dita Comisión reunirse cando menos dúas veces ao ano ou cando algunha das Administracións así o solicitara. A Comisión informará os órganos asinantes das incidencias que podan xurdir na vixencia do Convenio. A adopción de acordos ou as instrucións que podan ditarse acadaranse por unanimidade e serán vinculantes para as partes. A composición da Comisión será a seguinte:

Por parte do Concello de Vigo: Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, ou persona na que delegue, que ostentará a Presidencia; un/unha técnico/a da Xerencia Municipal de Urbanismo (da rama que corresponda segundo os asuntos a tratar) designado pola Concelleira Delegada. Por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo: Delegada Especial do Estado na Zona Franca; Directora de Xestión de Solo, ou persoas nas que deleguen. Secretaría: Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo, actuará con voz pero sen voto e deixará constancia en Acta dos acordos adoptados.

Sexta.- O presente Convenio, por ter sido aprobado polos órganos de goberno das Administracións asinantes, entrará en vigor, a todos os efectos, desde o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, poudendo ser prorrogado de xeito tácito ano a ano sempre que ningunha das partes o denuncie nos tres meses anteriores o de seu finalización ou renovación tácita. Os compromisos establecidos nas Cláusulas precedentes poderán ser revisados por mutuo acordo polas partes en función do efectivo desenvolvemento dos mesmos.

Sétima.- As partes asinantes non lles cabe nin renuncia nin recisión unilateral do pactado; así mesmo ningunha das partes ostenta prerrogativas no que se refire a interpretación do presente Convenio que extinguirase polo o seu cumprimento. Constituirán tamén causa de extinción: o incumprimento grave das obrigas asumidas por algunha das partes; a imposibilidade de acadar as finalidades previstas e o mutuo acordo entre elas. No suposto de que acordada a extinción do Convenio as obras sinaladas na Cláusula Terceira se atopen en curso de execución, a Comisión acordará o que proceda respecto da financiación e liquidación das mesmas, no suposto de que non acadar acordo a controversia dirimirase na xurisdicción contencioso-administrativa.

Oitava.- O presente Convenio ten natureza administrativa (artigo 57.1 da LBRL e artigo 6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común). As partes intervinientes se comprometen a resolver de maneira amistosa no seo da Comisión sinalada na Cláusula Quinta calquera dúbida ou desacordo que poda xurdir no seu desenvolvemento, se iso non fora posible as discrepancias someteranse o orden xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade de cuanto antecede as partes asinan por cuadruplicado o presente documento no lugar e data indicado.”

22(1047).- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE AVAL:

A) LAPATIAN, S.L. EXPTE. 88704/210

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 28/07, dáse conta do informe-proposta do 22/09, da xefa de Seguridade, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 31 de maio de 2013 por parte de Lapatián, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Menéndez Pelayo, 16, (expte 85769/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Lapatián, S.L. en data 26 de marzo de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 22 de xullo de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 28 de xullo de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Lapatián, S.L. a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de maio de 2013 por Lapatián, S.L., con NIF B-36940989, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Menéndez Pelayo, 16, por non producirse danos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

B) LAPATIAN, S.L. EXPTE. 88705/210

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 28/07, dáse conta do informe-proposta do 18/09, da xefa de Seguridade, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 16 de outubro de 2013 por parte de Lapatián, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Enrique Lorenzo, 3, (expte 87134/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Lapatián, S.L. en data 26 de marzo de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 22 de xullo de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 28 de xullo de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Lapatián, S.L. a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 16 de outubro de 2013 por Lapatián, S.L., con NIF B-36940989, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Enrique Lorenzo, 3, por non producirse danos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

C) LAPATIAN, S.L. EXPTE. 89311/210

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 28/07, dáse conta do informe-proposta do 18/09, da xefa de Seguridade, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“En data 20 de novembro de 2013 por parte de Lapatián, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Camelias, 76, (expte 87196/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Lapatián, S.L. en data 28 de maio de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 22 de xullo de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 28 de xullo de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Lapatián, S.L. a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de novembro de 2013 por Lapatián, S.L., con NIF B-36940989, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Camelias, 76, por non producirse danos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

23(1048).- PROXECTO DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA DO AEROPORTO E RAMÓN NIETO. EXPTE. 2548/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/09/14, dáse conta do informe-proposta de data 19/09, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro de Fomento, que di o seguinte:

“Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 31 de xaneiro de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 27 de xaneiro de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento da mesma data, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de abastecemento da Rúa Cantabria, entre a Avda. do Aeroporto e Ramón Nieto” (expediente 2327-440).

II.- En cumprimento de dito acordo en abril de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro industrial da consultoría de enxeñería “ESINPRO S.L.”, D. Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de 385.424,43 euros, IVE excluído.

III.- Posteriormente con data 14 de agosto de 2014, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 16.178,11 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión ntegral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das canalizacións de abastecemento, dos sumidoiros existentes, así como a reposición de firmes na rúa Cantabria (entre Avda. do Aeroporto e Ramón Nieto). O prazo estimado para a execución das obras é de 3 meses.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 18 de agosto de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 18 de agosto de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 18 de agosto de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Consta informe da Intervención municipal de data 10 de setembro de 2014, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executar as obras de RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. DO AEROPORTO E RAMÓN NIETO por un importe total de 385.424,43 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 16.178,11 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO S.L.	6.477,72 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO S.L.	6.477,72 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM, S.L.	1.619,43 €
	SUMA	14.574,87 €
	11% Gastos de Xestión	1.603,24 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.178,11 €

Terceiro.- *O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

24(1049).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A: MANUELA VALENCIA BADAS. EXPTE. 72061/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras de data 19/09/14, conformado polo concelleiro de Fomento, que di o seguinte:

“Con data 25/08/2014 autorizouse a Manuela Valencia Badas á realización dunha cala na rúa Buxo, nº 13- Mimosa, nº 3 para obras de impermeabilización.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 115,00€ para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 12/09/2014, Manuela Valencia Badas solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data 18/09/2014 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que as obras de impermeabilización xa están rematadas e foron executadas consonte á licenza outorgada no seu día.

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 115,00 € (cento quince euros) a favor de Manuela Valencia Badas.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

25(1050).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FUNDACIÓN DA ESTUDIOS E ANÁLISES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS DURANTE O MES DE AGOSTO. EXPTE. 4285/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 16/09/14 e xurídico do 22/09/14, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/14, do xefe do servizo conformado pola concelleira de área e polo concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

“A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenrolo dunha serie de aptitudes (cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.

Na actualidade nestes espazos desenvólvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo (pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións, saídas á natureza, participación en concursos (comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes. Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seús fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado (monitores de ocio e tempo libre) de xeito que poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.

A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008 , finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.

O día 10 de maio do ano 2012 a Concelleira Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.

Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concellería Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.

O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de dúas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de inicio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o seu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.

Dado que as actividades que se desenvolven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que “ si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de decembro, procede modificar a denominación de ditos centros”, esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil (expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.

Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.

Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.

Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que sen ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con

estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.

Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.

Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 continua prestando o servizo e presenta con data 31 de agosto de 2014 a factura nº B/0021/14 por importe total de 13.718,29 €, en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de agosto de 2014.

Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0021/14 que se achega no expediente, con cargo á partida 33702279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0021/14 que se achega no expediente con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014. A Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, **proponse á Xunta de Goberno Local** que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/0021/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de agosto de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de agosto de 2014, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

26(1051).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.